

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C

Praza do Concello S/N

Teléfono 981 70 41 00

www.carballo.gal

infocarballo@carballo.gal

15100 CARBALLO - A Coruña



Expte. núm. 2026/X999/000045

INFORME DE SECRETARÍA SOBRE TRANSMISIÓN DA TITULARIDADE AO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE (SERGAS) DE PARCELA DESTINADA AO CENTRO INTEGRAL DE SAÚDE

Emítase este informe en cumprimento do disposto no artigo 54.1.a) do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

ANTECEDENTES DE FEITO

- Mediante acordo do Pleno do concello de data 29/09/2025 aprobase o convenio colaboración entre o Concello de Carballo e o Servizo Galego de Saúde (SERGAS) para a execución das obras de reforma e ampliación do centro de saúde de Carballo para a súa transformación en Centro Integral de Saúde (CIS) da comarca de Bergantiños. Na cláusula segunda, entre as obrigas do concello recollese a cesión do terreo para a reforma e ampliación do Centro de Saúde ao Servizo Galego de Saúde, que será o de referencia catastral 5456936NH2855N0001SM, cunha superficie de 3.870 m². O convenio asinouse por parte do SERGAS e do Concello de Carballo o día 18/11/2025.
- Mediante providencia de data 19/01/2026, iniciase o expediente administrativo para ceder gratuitamente a parcela de titularidade municipal con referencia catastral 5456936NH2855N0001SM sita na Avenida do Ambulatorio, á Consellería de Sanidade para a construción do CIS.
- No expediente figura o informe técnico de valoración, que emitira o arquitecto municipal en data 30/10/2024. No informe indicase que a parcela SL-EQ-V2 agrupada ten a cualificación urbanística de sistema xeral de equipamento para servizos varios; a valoración da parcela ascende a 190 947,66 €.
- A parcela a ceder figura inscrita no Inventario municipal de bens, no epígrafe 1, como parcela SL-EQ-V2 agrupada, co número de orde 13426, destinada a sistema local de equipamento de usos varios coa natureza de dominio público -servizo público.

NORMATIVA APLICABLE

1. Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
2. Lei 33/2003, do 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas (LPAP).
3. Lei 6/2023, do 2 de novembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia (LPCAG).
4. Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (RLSG).
5. Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TR1986).
6. Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, que aproba o regulamento de bens das corporacións locais (RBEL).

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA. Natureza da parcela obxecto de cesión

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C

Praza do Concello S/N

Teléfono 981 70 41 00

www.carballo.galinfocarballo@carballo.gal

15100 CARBALLO - A Coruña

**Expte. núm. 2026/X999/000045**

O artigo 79 da LRBRL establece, no seu apartado 3, que *"Son bens de dominio público os destinados a un uso ou servizo público"*.

O artigo 74.1 do TR1986, di que *"Son bens de uso público local os camiños e estradas, prazas, rúas, paseos, parques, augas, fontes, canles, pontes e demais obras públicas de aproveitamento ou utilización xerais cuxa conservación e policía sexan da competencia da Entidade local"*.

O artigo 3.1 do RBEL di que *"Son bens de uso público local os camiños, prazas, rúas, paseos, parques, augas de fontes e estanques, pontes e demais obras públicas de aproveitamento ou utilización xerais cuxa conservación e policía sexan da competencia da entidade local"*.

O anexo I do RLSG define o uso das parcelas de equipamento como aquel uso que comprende as diferentes actividades destinadas a satisfacer as necesidades dos cidadáns, distinguindo, entre outros, o uso sanitario-asistencial: aquel que comprende as instalacións e servizos sanitarios, de asistencia ou benestar social. O uso dotacional múltiple é unha cualificación xenérica para reservas de solo con destino a equipamentos ás cales non se lle asigne un uso específico no momento da xestión do instrumento de planeamento, deixando a súa definición para un momento posterior.

SEGUNDO. Normativa reguladora da transmisión da titularidade

O Capítulo V do Título I da LPCAG (artigos 28 a 37) recolle o réxime xurídico do tráfico xurídico público entre administracións públicas. Este capítulo resulta de aplicación ao concello de acordo co disposto na Disposición Adicional Segunda da lei, que determina que *"Disposición adicional segunda. Facultades da Administración local de Galicia. Será de aplicación ás entidades que integran a Administración local do ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia as figuras xurídicas previstas no capítulo V do título I"*. Neste senso, o artigo 1 da LPCAG determina que esta lei será de aplicación a: *"e) Las entidades locales de Galicia, en los términos previstos en la disposición adicional segunda"*.

O artigo 28 da LPCAG establece que *"Las figuras jurídicas previstas en el presente capítulo podrán ser aplicables a otras administraciones públicas cuando se contemplase en su legislación reguladora la posibilidad de aplicación de figuras análogas a favor de la Administración general de la Comunidad Autónoma y de sus entidades públicas instrumentales para la dedicación a un uso o servicio de su competencia"*. Na sección 3ª dese mesmo capítulo da LPCAG, regulase o cambio de titularidade dos bens inmobles e dereitos sobre estos. Así, en canto a transmisión de titularidade, o artigo 35 da LPCAG establece que *"La titularidad de los bienes inmuebles demaniales y derechos sobre estos del patrimonio de la Administración general de la Comunidad Autónoma de Galicia podrá ser transmitida gratuitamente a otras administraciones públicas, para los mismos fines determinantes de la afectación o para otros fines de uso general o de servicio público de competencia de la administración pública receptora de los bienes o derechos"*.

O artigo 37 da LPCAG recolle o procedemento a seguir e determina que tanto o procedemento como as condicións regulados no artigo 32 e seguintes son de aplicación ás transmisións de titularidade de bens inmobles e dereitos demaniais. Neste artigo 32 recollese un procedemento de incoación de oficio, instrución, informes xurídicos e de intervención, incorporación da descrición do ben (certificación do inventario de bens e informe de valoración) e aceptación por parte da comunidade autónoma mediante orde de aceptación e publicación no diario oficial

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C

Praza do Concello S/N

Teléfono 981 70 41 00

www.carballo.gal

infocarballo@carballo.gal

15100 CARBALLO - A Coruña



Expte. núm. 2026/X999/000045

de Galicia. O artigo 36.2 determina que *"2. Corresponde a la persona titular de la consejería competente en materia de patrimonio, mediante orden, aceptar los bienes inmuebles demaniales y derechos sobre estos procedentes de otras administraciones públicas, a favor de la Administración general de la Comunidad Autónoma"*.

O artigo 37.2 e 3 determina que *"2. Cuando en la transmisión de la titularidad de un bien o derecho demanial a favor de la Administración general de la Comunidad Autónoma se estableciera como condición, su afectación permanente a determinado destino se entenderá cumplido, en todo caso, si durante treinta años sirvieron a este, aunque después hubiesen dejado de estarlo por circunstancias sobrevenidas de interés público."*

3. El cambio de titularidad se formalizará en documento administrativo a firmar por la persona titular del órgano directivo competente en materia de patrimonio y una persona representante de la otra administración pública". Pla súa banda, o apartado 4 refire que *"En caso de que los bienes o derechos cuya titularidad se transmitiera dejasen de estar destinados al fin de uso general o de servicio público determinante de la transmisión, procederá la devolución de aquellos al patrimonio de la Comunidad Autónoma de Galicia, que se regirá por las normas sobre desadscripción por incumplimiento del fin e innecesariedad de los bienes o derechos previstos en la sección 3.ª del capítulo II del presente título"*.

TERCEIRO.

A LPAP contén no seu artigo 36.1, básico, a obriga da inscrición nos correspondentes rexistros os bens e dereitos do seu patrimonio, sa sexan demaniais ou patrimoniais que sexan susceptibles de inscrición así como todos os actos e contratos referidos a eles que poden ter acceso a ditos rexistros. A inscrición é potestativa no caso de arrendamentos inscribibles conforme á lexislación hipotecaria.

Así tamén, o TR1986 establece no seu artigo 85 que *"Las Entidades locales deberán inscribir en el Registro de la Propiedad sus bienes inmuebles y derechos reales, siendo suficiente a tal efecto la certificación que, con relación al inventario aprobado por la respectiva Corporación, expida el Secretario, con el visto bueno del Alcalde o Presidente y que producirá iguales efectos que una escritura pública"*. O artigo 86 deste texto recolle a obriga das entidades locais de *"formar inventario valorado de todos los bienes y derechos que les pertenecen, del que se remitirá copia a las Administraciones del Estado y de la Comunidad Autónoma y que se rectificará anualmente, comprobándose siempre que se renueve la Corporación"*.

O RBEL desenvolve o réxime do inventario e rexistro dos bens nos artigos 17 e seguintes.

CUARTO. Referencia catastral

O artigo 38 do Texto refundido da Lei de Catastro Inmobiliario (aprobado por Real Decreto Legislativo 1/2004), establece que *"...a referencia catastral dos bens inmoables deberá figurar nos instrumentos públicos, mandamentos e resolucións xudiciais, expedientes e resolucións administrativas e nos documentos onde consten os feitos, actos ou negocios de transcendencia real relativos ao dominio e demais dereitos reais, contratos de arrendamento ou de cesión por calquera título do uso do inmoable, contratos de subministración de enerxía eléctrica, proxectos técnicos ou calquera outros documentos relativos aos bens inmoables que se determinen regulamentariamente..."*.

QUINTO. Órgano competente

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C

Praza do Concello S/N

Teléfono 981 70 41 00

www.carballo.galinfocarballo@carballo.gal

15100 CARBALLO - A Coruña

**Expte. núm. 2026/X999/000045**

O artigo 22.2 da LRBRL establece que corresponde ao Pleno municipal nos concellos, entre outras, a seguinte atribucións: p) aquelas que deban corresponder ao Pleno por esixir a súa aprobación unha maioría especial.

O artigo 47.2 da LRBRL, determina que se require o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros das corporacións para a adopción, entre outros, de acordos nas seguintes materias, ñ) cesión gratuíta de bens a outras administracións ou institucións públicas.

CONCLUSIÓN

A parcela que se vai ceder ao SERGAS mediante a figura xurídica da transmisión da titularidade, ao ser a comunidade autónoma a titular da competencia en materia de sanidade, é unha parcela de dominio público, sistema xeral de equipamento SL-EQ-V2AGRUPADA, con uso dotacional múltiple, tal e como se desprende do informe do arquitecto municipal de data 30/10/2024.

A transmisión da titularidade regulase na Lei 06/2023, do 02 de novembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia. O artigo 35 da LPCAG require que os fins que determinan a transmisión sexan de competencia da administración pública receptora dos bens. Neste caso, a administración receptora da parcela é competente para prestar o servizo sanitario. Así, conforme o disposto nos artigos 148 e 149 da Constitución española e no artigo 33 do Estatuto de autonomía de Galicia, é competencia da Comunidade Autónoma galega o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación básica do Estado en materia de sanidade interior, así como en materia de Seguridade Social, salvo as normas que configuran o seu réxime económico; como desenvolvemento deste título competencial, o Parlamento galego lexislou sobre distintos aspectos da ordenación sanitaria da nosa comunidade, entre outras, a través da Lei 1/1989, do 2 de xaneiro, de creación do Servizo Galego de Saúde.

A valoración da parcela, segundo informe de valoración existente no expediente, ascende a 190.947,66 €. A parcela agrupada atopase depurada física e xuridicamente e correctamente inscrita no inventario municipal de bens e no Rexistro da Propiedade.

Na tramitación do expediente poderá abrirse un período de información pública, de acordo co previsto no artigo 83 da LPAC. Para ese efecto, publicarase un anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña a fin de que calquera persoa física ou xurídica poida examinar o expediente; o anuncio sinalará o lugar de exhibición, debendo estar en todo caso ao dispor das persoas que o soliciten a través de medios electrónicos na sede electrónica correspondente, e determinará o prazo para formular alegacións, que en ningún caso poderá ser inferior a vinte días.

A cláusula tres apartado terceiro do convenio asinado entre o SERGAS e o Concello de Carballo o día 18/11/2025, indica que o Servizo Galego de Saúde aceptará a cesión gratuíta da parcela cedida polo concello. De conformidade co disposto na cláusula segunda, punto segundo, do convenio, a cesión será elevada a escritura pública e inscrita no rexistro da propiedade, sendo a cargo do concello os gastos derivados destas dúas accións.

Infórmase favorablemente a transmisión da titularidade a favor do SERGAS da parcela con referencia catastral 5456936NH2855N0001SM, cunha superficie de 3.870 m², para a reforma e ampliación do Centro de Saúde de Carballo e a súa transformación en Centro Integral de Saúde (CIS) da comarca de Bergantiños.

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C

Praza do Concello S/N

Teléfono 981 70 41 00

www.carballo.gal

infocarballo@carballo.gal

15100 CARBALLO - A Coruña



Expte. núm. 2026/X999/000045

Este é o meu informe que emito, sen prexuízo de outro mellor fundado e do que se estime pertinente resolver.

Carballo, 03 de febreiro de 2026

A secretaria

Marina Núñez Orjales